

Estimados señores:

Comunicámoslles que HESTIA ALLIANCE ten implantado un Sistema de Calidade, Medio Ambiente e Seguridade e Saúde no Traballo baixo as Normas UNE-EN ISO 9001, UNE-EN ISO 14001 e ISO 45001, onde se integran criterios de calidade, seguridade e desenvolvemento sostible que garanten unha axeitada xestión dos recursos e unha protección do contorno como corresponde ao que na actualidade demanda a sociedade e o mercado. Con este compromiso, estámonos poñendo en contacto tamén cos nosos provedores e aproveitamos esta ocasión para informalos de que o proceso de avaliación se realiza con carácter anual e con base nos criterios que se detallan a continuación:

- Capacidade para proporcionar información técnica e/ou especializada cando se solicite.
- Certificación de Sistemas de Calidade e Medio Ambiente.
- Condicións de pago (prazos, descontos, promocións, etc).
- Cumprimento de prazos (envíos, retiradas, devolucións, etc).
- Atención comercial recibida (incidencias, resposta ante estas, etc).

En caso de modificación destes criterios, fariámoslles chegar a información correspondente.

Hestia Alliance enmarca a súa política ambiental dentro da súa intención xeral de protección e respecto polo medio ambiente de minimizar os efectos no cambio climático e de compromiso co desenvolvemento sostible e coa mellora no desempeño enerxético. A política ambiental proporciona o marco ambiental no que deben desenvolver todos os centros do Grupo as súas actividades.

Entre os principios que definen a política medioambiental de Hestia Alliance atópase o de potenciar a concienciación e a sensibilización ambiental dos profesionais dos centros, provedores, usuarios e outras partes interesadas. Como provedor noso, animámolo a realizar as súas actividades de acordo cos requisitos do noso sistema de xestión e, en especial, no relativo a:

- Procesos operacionais clave e de soporte
- Vertidos
- Emisións á atmosfera
- Residuos
- Protección contra incendios
- Seguridade e saúde laboral

Consideramos de grande importancia que sexan conscientes de que as súas actividades poden ter un impacto negativo sobre o medio ambiente, polo que mediante esta carta pretendemos facelos partícipes da nosa Política de Calidade, Medio Ambiente e Seguridade e dos aspectos ambientais e impactos asociados á nosa actividade desde unha perspectiva de ciclo de vida que poderán consultar na nosa páxina web: <http://hestiaalliance.org/politica-de-calidad-y-medioambiente/>

Por último, animámoslos a que durante o seu traballo leven a cabo actividades de boas prácticas de xestión ambiental e colaboren connosco en mellorar a eficacia do noso sistema de xestión.

Para calquera consulta, poden poñerse en contacto co noso Dpto. de Calidade, Medio Ambiente e Prevención.



Dra. Angels Cañas  
Adjunta a la  
Dirección